

MEMORIA

BIBLIOTECA

IES OTERO PEDRAYO

(OURENSE)

CURSO 2017-18



ÍNDICE

	Páx.
1.- GRAO DE CUMPRIMENTO DOS OBXECTIVOS PROPOSTOS	3
LOGROS E OBXECTIVOS CUMPRIDOS:	3
TAREFAS EN PROCESO DE REALIZACIÓN:.....	6
2.- ACTIVIDADES DESENVOLVIDAS DURANTE O CURSO.....	9
2.1 EN RELACIÓN COA XESTIÓN TÉCNICA	9
2.2 EN RELACIÓN CO FOMENTO DA LECTURA	14
2.3.- EN RELACIÓN COA EDUCACIÓN PARA A COMPETENCIA EN INFORMACIÓN.....	22
2.4.- EN RELACIÓN COA DINAMIZACIÓN E PROMOCIÓN DOS RECURSOS DA BIBLIOTECA, A SÚA INTEGRACIÓN NO TRATAMENTO DO CURRÍCULO E A SÚA CONTRIBUCIÓN Á ALFABETIZACIÓN MÚLTIPLE E Ó DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS BÁSICAS DO ALUMNADO.	23
3.- AVALIACIÓN DAS ACTIVIDADES DESEÑADAS E DESENVOLVIDAS POLA BIBLIOTECA E DO FUNCIONAMENTO DOS SERVIZOS DA PROPIA BIBLIOTECA EN BENEFICIO DA COMUNIDADE ESCOLAR.....	26
4.- PREVISIÓNS DE FUTURO.....	28

1.- GRAO DE CUMPRIMENTO DOS OBXECTIVOS PROPOSTOS

Esta biblioteca incorporouse ó Plan de Mellora de Bibliotecas Escolares no curso 2010/2011. Durante estes anos adicamos moito tempo á resolución de necesidades básicas.

Nun instituto das dimensións e das características do noso (dous edificios, fondos de valor histórico e outros moitos que hai que recatalogar...) son moitas as tarefas que hai que realizar e outras moitas as que se pretende seguir contemplando de cara ó futuro.

En canto ó grao de cumprimento dos obxectivos propostos nas liñas de actuación para o curso que agora remata, cabe facer referencia ós aspectos positivos e ás tarefas que aínda seguen en proceso de realización.

Logros e obxectivos cumpridos:

- Neste curso, puídose formar un **pequeno equipo** de **biblioteca**. Aínda que con poucas horas, esta circunstancia permitiu acometer algunha das actuacións que quedaron pendentes de cursos pasados. Así, nunha biblioteca co problema de espazo da nosa, conseguimos **reorganizar e actualizar todas as seccións**, ó mesmo tempo que **creamos espazos novos** para responder ás inquiredanzas do alumnado.
- **Consolidación de tres recunchos de lectura**, con máis material bibliográfico permanente nos mesmos.
- Ampliáronse, renováronse e seguíronse publicitando nos paneis de acceso á biblioteca as **exposicións temporais**.
- **Consolidación do espazo: “Os libros do mes na miña biblioteca”**.
- Consolidación da sección de **“Novelas gráficas e clásicos en cómic”**.
- Ampliouse a exposición permanente **“O apaixoante mundo do saber”**
- **Creouse un novo espazo: “O recuncho dos concursos”** para publicitar todos os concursos provintes de distintos organismos e relacionados con distintas materias e linguas
- **Creouse a nova sección: “De interese, de actualidade”** para albergar obras de especial interese, relevantes pola súa temática, ás veces difíciles de atopar ou que ós estudantes se lle fai costoso solicitar por múltiples razóns...
- Reorganizouse o expositor central, que actuou de reclamo visual para o alumnado.

- Consolidación do espazo e da actividade **“Recoméndame un libro”**
- Ampliouse o espazo habilitado para albergar as **obras máis lidas** e demandadas polos alumnos.
- Seguiuse confeccionando **un listado de material para a creación dunha videoteca de préstamo. Neste curso** fomos aumentando o caudal de material deste tipo, coa intención de crear a videoteca en cursos vindeiros.
- Neste curso, e para continuar na liña establecida o pasado, **a enquisa para medir a implicación e a valoración do plan lector de centro e da biblioteca por parte do alumnado pasóuselle ós estudantes de 2º de ESO.** Segue sendo constatable a apreciación positiva do mesmo.
- No mes de marzo, coincidindo coa celebración do día do número π , seguiuse celebrando **o concurso de microrrelatos π da biblioteca.**
- Durante todo o curso estivo exposto o resultado do traballo de creación literaria **“Relatos oterianos”** que, elaborara alumnado do centro, como reclamo para a apertura, cando sexa posible dun caderno de creación literaria.
- Constatamos, un ano máis, que foi destacable a **elevada participación e implicación do alumnado como usuario de biblioteca.** No presente curso escolar, estivo chea de estudantes (lendo, traballando e solicitando libros) en todos os momentos do curso. Cada ano aumenta considerablemente o número de préstamos; mesmo os propios alumnos están atentos ás novidades editoriais e reservan os libros antes de que estes cheguen á biblioteca e de que estén rexistrados e colocados no anaquel de novidades.
- Dada a petición de préstamos no mes de xuño e o crecente interese do alumnado, non pechamos aínda a data límite para devolver os libros prestados e ampliamos o prazo ata o último momento, para favorecer e premiar así o crecente interese do alumnado polos libros e pola lectura. Esperamos que, un ano máis, se garanta a recuperación de todos os fondos prestados.
- Continuouse co sistema de implicación do **alumnado colaborador** nas tarefas de biblioteca. Creouse un novo equipo de alumnos colaboradores con afán de consolidación e de proxección de futuro.

- Converteuse nunha práctica xa consolidada, a **recepción a final de curso e ó comezo do ano académico dos distintos grupos de alumnos.**
- Seguiuse **proporcionando**, tanto ós alumnos coma ós profesores, **materiais axeitados, útiles, actualizados**, para os procesos de ensino-aprendizaxe en todas as materias do currículo, atendendo ás demandas documentais segundo as distintas áreas e niveis.
- Mantívose e déuselle publicidade ó **buzón de suxestións**, para avanzar cada día na mellora da biblioteca do IES Otero Pedrayo como instrumento artellador da vida cultural do centro e ó servizo de toda a comunidade escolar.
- Neste curso, comezouse o labor de **análise, clasificación e traslado de libros** dende a sala de lectura do edificio anexo ata a biblioteca principal do edificio histórico. Dada a cantidade de material bibliográfico (propio do centro e provinte de doazóns) que alberga a sala de lectura e o pouco espazo dispoñible da biblioteca principal, continuaremos con esta tarefa de espurga e aproveitamento de exemplares durante os próximos cursos.
- Cando, por distintos motivos, houbo profesorado utilizando a **sala de lectura do edificio anexo** ó principal, sempre se lle deu acollida ó alumnado de Bacharelato que se acercou para estudar ou para consultar libros.
- Seguindo na liña do pasado, no presente curso escolar, a biblioteca seguiu recibindo **material bibliográfico provinte de doazóns** de alumnos que, de xeito totalmente altruísta, doaron libros particulares á biblioteca do centro. Como xa se empezou a facer o curso pasado, estes libros seguíronse catalogando e clasificando.
- **Comezo de reubicación e catalogación de libros provintes de doazóns varias.**
- Unha vez máis, **profesores do nocturno**, respondendo a unha demanda do alumnado da noite, **abriron a biblioteca pola tarde**, dous días á semana, compaxinando así este servizo co cumprimento da hora de garda fixada nos seus horarios.
- No presente curso, houbo un **maior aproveitamento do espazo da biblioteca** (espazo de lectura colectiva, de xogos, de traballos...).

- A profesora encargada da mesma **asistiu en Santiago ós encontros do PLAMBE e ás Xornadas de bibliotecas**, coa intención de seguir dando continuidade e de manter este servizo fundamental nun centro educativo.

Tarefas en proceso de realización:

- Para que a biblioteca poda seguir existindo, funcionando e captando cada vez máis usuarios asiduos dos seus servizos; para dinamizala dun xeito óptimo e para implicar a toda a comunidade escolar, faise imprescindible a **ampliación do equipo de biblioteca**.

Por razóns e necesidades varias, nestes últimos anos estivo funcionando cun só membro e, neste curso que acaba, con dúas persoas máis (3 horas máis en total á semana) . Nun centro das dimensións do Otero Pedrayo esta situación faise xa insostible. Por todo isto, xa agora, a finais do presente curso escolar, queda perfilada e decidida a creación dun equipo de tres persoas para repartir as tarefas actuais e mesmo para acometer actuacións mais ambiciosas de cara ó futuro.

- Ademais de fondos bibliográficos, e dada a gran demanda existente por parte de alumnado e profesorado, esperamos poder rematar a creación dunha videoteca de préstamo e de material en distintos soportes, para iso faise necesario comprar máis mobiliario e empezar a dotar á biblioteca de material deste tipo.
- Compra de mobiliario para dar resposta a distintas necesidades expostas na presente memoria.
- Continuar na procura de que a biblioteca chegue a ser centro de recursos documentais do instituto (que teña centralizados e debidamente rexistrados, catalogados e ubicados os materiais bibliográficos de uso xeral no Centro) ó servizo de todos.
- Unha das tarefas pendentes, que por necesidades de tempo fíxose imposible rematar neste curso, aínda que esperamos concluíla no vindeiro, é a de darlle un novo formato ós manuais de procedemento.
- Queda pendente a compra de mais ordenadores e outros aparellos imprescindibles: cámara de vídeo, reprodutor de DVD.
- No próximo curso, esperamos poder facer realidade a creación dun concurso literario, en datas próximas ó día do libro, con afán de consolidación e continuidade.

- Continuouse co proceso de vínculo e implicación coa Biblioteca por parte de todos os departamentos didácticos, para que cada curso sexan algúns máis os que respondan á demanda de colaboración, propiciando a incorporación de novidades e fondos de interese para a formación xeral e de calidade de toda a comunidade educativa, con suxestións provintes de todas as disciplinas. Coma sempre, algúns seguiron respondendo á proposta da biblioteca.
- Segue pendente a ampliación do horario de apertura da Biblioteca, para darlle facilidades ó alumnado para facer consultas, traballar, e mesmo para deleitarse coa lectura relaxada máis alá dos tempos de lecer; e para ofrecer tamén eses servizos ó alumnado da quenda de nocturno.
- Conseguir a implicación dos pais e de toda a comunidade educativa, en xeral.
- Segue en proceso o artellamento dun sistema de intercambio, movemento e préstamo de libros entre os estudantes. En cursos pasados empezara a dar froito a invitación e a persuasión para que o alumnado fose construíndo a súa propia biblioteca persoal; nos vindeiros esperamos ir un pouco máis alá.
- Continuouse co labor de eliminación, modificación e, sobre todo, arranxo de rexistros existentes, anteriores á incorporación da biblioteca no Plan de mellora de bibliotecas escolares, por non responderen ás esixencias do programa Meiga. Dada a cantidade de libros destas características que seguen aparecendo cada día, prevese que esta tarefa, que se vai desenrolando á vez que se acomentan outras actuacións, continúe aínda durante moito tempo.
- Continuouse na procura de que a Biblioteca chegue a ser centro de recursos documentais do instituto (teña centralizados e debidamente rexistrados, catalogados e ubicados todos os materiais bibliográficos do Centro) ó servizo dos distintos departamentos, profesores, alumnos e persoal non docente. Esta labor, nun instituto das dimensións do Otero Pedrayo, requerirá aínda máis esforzo e moitas horas de dedicación.
- Non se puideron realizar todas as saídas para visitar outras bibliotecas, aínda que si se tratou de que coñecesen moito mellor a propia e as máis próximas ás súas vivendas (para coñecer a disposición do material, sistema de préstamo, vínculo co ambiente de estudio, de aprecio por os libros e por o saber en xeral).

- Aínda que si se realizaron outros concursos e actividades novas (concurso de microrrelatos π), este ano non foi posible poñer en marcha a idea xa analizada e esbozada de creación dun concurso literario (tamén en castelán), en datas próximas ó Día do Libro.
- Tarefa pendente fai anos, é a da apertura da sala de lectura do edificio anexo ó histórico e principal. Se, nun futuro, as posibilidades do horario do profesorado o permitisen, esta actuación daríalle un impulso extraordinario á biblioteca xa existente.

2.- ACTIVIDADES DESENVOLVIDAS DURANTE O CURSO

2.1 En relación coa xestión técnica

- Converteuse nunha práctica xa consolidada, a **recepción ó comezo do ano académico dos distintos grupos de alumnos** (nas horas de titoría nos cursos da ESO; e nas de Actividades de Estudo en Bacharelato; ou noutras horas, segundo o soliciten os profesores) para dar a coñecer a Biblioteca, a CDU, a colocación dos libros, o sistema de empréstitos, as normas de uso, a importancia do carné..., incindo na grande variedade de recursos que ofrece a Biblioteca para o lecer, a información e a aprendizaxe, para familiarizarse con este espazo de lectura e traballo, para formar usuarios de biblioteca.
- Gracias á pequena ampliación do equipo, puidéronse **recuperar** algunhas **tarefas** abandonadas no curso pasado por imposibilidade absoluta de realización debido á falta de tempo (elaboración de marcapáxinas, concursos...)
- **Modificouse unha parte do manual de procedemento** para adaptalo ás circunstancias actuais.
- No mes de setembro, facilitóuselle ó alumnado e profesorado de nova incorporación o seu correspondente **número de usuario da biblioteca**. Uns e outros foron informados das normas de uso e funcionamento da mesma.
- Despois dos cambios e modificacións que supuxeron unha **completa reorganización das distintas seccións da biblioteca**, ó mesmo tempo que se crearon espazos novos para responder ás inquiredanzas do alumnado, fixéronse neste curso algunhas reformas e melloras, Así:

1. **Volveuse ampliar o espazo habilitado para albergar as obras máis lidas** e demandadas polos alumnos, independentemente do xénero ó que pertencen e da antigüidade das mesmas, xa que resultou ser un excelente reclamo para a lectura, mesmo para os alumnos máis reticentes e pouco habituados a ler. Nas mesas preparadas para as exposicións colocáronse non só as obras máis lidas, senon tamén as novidades e obras relacionadas coas distintas exposicións mensuais que se foron preparando ó longo do curso.

A nova disposición permitiu que o alumnado refollase, tocase, lese e vise de cerca os libros e, en consecuencia, se animase a levarlos

e estivese informado acerca das efemérides do mundo literario, do mundo científico e do mundo do saber en xeral. (fot.12)

2.Aumentouse a cantidade de material bibliográfico dos tres recunchos de lectura, un deles máis clásico e máis en consonancia co mobiliario e cos anaqueis da biblioteca, moi próximo ó moble das revistas, outro, con sillóns máis modernos, preto dos ventanais e da calefacción e **o de recente creación**, aproveitando un espazo reducido cerca dos ventanais.

Todos os espazos seguiron invitando á lectura relaxada e cómoda, ó estudio sen interrupcións e mesmo ó traballo conxunto.

3. Consolidación dos múltiples espazos, con máis material bibliográfico adaptado a todas as idades e ás múltiples inquiredanzas do alumnado. Os recunchos gozaron de moito éxito entre o alumnado xa que constatamos que, cada vez máis, os alumnos acoden á biblioteca nos tempos de lecer e vena coma un espazo para a apredizaxe, o estudo, a lectura relaxada e o descanso; un espazo propio e especial dentro do centro.

Todos os recunchos estiveron cheos de alumnos ó longo de todo o curso. Por outra parte hai que indicar que todas as reformas se acometeron sen custe algún, xa que se utilizaron mobles vellos apartados en almacéns e telas gardadas que, debidamente tratados, serviron perfectamente para os fins perseguidos.

4.En espera de mercar máis mobiliario cando a situación económica sexa propicia, neste curso aproveitáronse e xeráronse mais estantes libres de toda a biblioteca para reubicar libros de lectura obrigada, xa que no que se usou nos cursos anteriores (aproveitarase un de estantes abertos xa existente que, debidamente preparado, serviu perfectamente para o seu cometido) non foi posible albergar todo o material.

5.Conscientes de que o alumnado demanda moito libro e de que a colocación de todas as lecturas de cada nivel educativo en lugares específicos e de fácil acceso resulta moi operativa e funcional, mantemos a idea de aproveitar e mercar máis mobiliario. En xeral, continuouse coas labores de recolocación do material bibliográfico seguindo os criterios da CDU e amoldándose, cando foi preciso, ás peculiaridades dos anaqueis da biblioteca, non sempre adaptados ás distintas dimensións dos libros.

6. Volveuse reorganizar o expositor central, que actuou de reclamo visual para que o alumnado se acercase a refollar, analizar, seleccionar e buscar material bibliográfico específico, xa que se mantiveron e se crearon novas seccións fixas dentro do expositor:

- un espazo para a nova máis significativa de cada momento do curso.
- un espazo permanente para as efemérides literarias máis significativas do ano.
- un espazo para a escolma de material bibliográfico de cada mes.
- un espazo para as novidades literarias (os máis novos)
- Un espazo para a ciencia (“A ciencia máis divertida”).
- Un espazo para a nova revista de Ciencia do centro “**Posío**”

7. Déuselle protagonismo e operatividade ó novo “Recuncho dos concursos”

- Seguiuse proporcionando, tanto ós alumnos coma ós profesores, **materiais axeitados, útiles, actualizados, para os procesos de ensino- aprendizaxe en todas as materias do currículo**, atendendo ás demandas documentais segundo as distintas áreas e niveis. Así, mercáronse os libros que foron solicitados polo profesorado nos distintos momentos do curso; atendéronse e valoráronse as suxestións do alumnado; mantívose comunicación co departamento de Orientación para coñecer as necesidades de materiais que serviran realmente á comunidade educativa e para que se poideran manexar na estancia do centro que máis conviñese en cada caso, xa que estiveron sempre perfectamente localizables. Neste curso, mercáronse máis obras apropiadas e pensadas especialmente para o alumnado con ACI e para os estudantes con necesidades especiais atendidos por as profesoras de AL e PT. Déuselle a coñecer ó departamento de Orientación a existencia deste material para o seu uso e a súa localización, agora e no futuro, no servidor central que tenta ser a biblioteca.
- Aínda que non foi posible abrir permanentemente a sala de lectura e consulta no edificio anexo ó principal, nun horario fixo e con persoal adicado ó seu coidado e control, si foi posible encontrar profesorado disposto a atender (de xeito voluntario e cando lle foi posible) ó alumnado de bacharelato que se acercou á mesma para estudar ou para consultar libros.

— Empezáronse a seleccionar e a **trasladar libros** de temática moi diversa, vencellados a distintas disciplinas, provisionalmente almacenados na sala de lectura do edificio anexo e empezáronse a reubicar e catalogar, labor que esperamos seguir levando a cabo no seguinte curso. Para tal empresa farase imprescindible mercar mobiliario útil e, na medida do posible, acorde coa estética da biblioteca.

No mes de marzo, coincidindo coa celebración do día do número π , **consolidouse o concurso de microrrelatos π da biblioteca** no que volveron participar alumnos de distintos niveis educativos do instituto.

— Continuouse co sistema de implicación do **alumnado colaborador** nas tarefas de biblioteca que, a maior parte das veces de xeito voluntario, e outras como forma de substitución de sancións menos educativas por unha colaboración positiva, se foi implicando cada vez máis nas tarefas de biblioteca e aprendendo a valorala positivamente. Neste curso consolidouse o equipo de alumnos colaboradores con afán de proxección de futuro, xa que ó tratarse de estudantes dos primeiros cursos de ESO (maioritariamente de 2º e 3º), entraron no equipo con vistas a formarse nas tarefas de axuda e a permanecer no equipo ata 2º de Bacharelato.

— No presente curso, houbo un **maior aproveitamento do espacio da biblioteca**. Máis profesores usárona para levar ós seus alumnos á realización de actividades e para facer sesións de clase aproveitando o ambiente de estudo que xenera a biblioteca, así como todos os recursos dos que dispón. Así, desenroláronse sesións de lectura e análise colectivo de obras literárias

— **Seguiuse preparando un listado de material para a creación dunha videoteca de préstamo**, adquirir material noutros soportes e rexistralo na biblioteca, aínda que, debido á escasez de espazo, a súa ubicación teña que ser distinta á da biblioteca escolar.

— Seguiuse coa realización das labores de expurgo para **eliminar rexistros e para desfacerse de manuais obsoletos** de distinta índole e demais material que ocupa espazos adicados ás seccións temáticas e non deixa sitio para novas e máis interesantes adquisicións.

- Continuouse coas labores de **rexistro dos libros que xa había na biblioteca** e estaban sen catalogar. Moito máis tempo lle houbo que adicar á modificación de rexistros existentes por non responderen ás esixencias do programa Meiga. En moitos casos puidéronse refacer e noutros houbo que eliminalos e cambialos totalmente. Dada a cantidade de libros destas características, prevese que esta tarefa continúe aínda durante cursos vindeiros.
- De novo, concretouse o uso dos **taboleiros da biblioteca**, como verdadeiro canle de comunicación e vínculo entre a mesma e a comunidade escolar, permitindo, por exemplo, que o alumnado amosase as súas inquedanzas e a súa capacidade creadora a toda a comunidade educativa, para sentir a biblioteca como algo propio e de valor.
- Continuouse co proceso de **vínculo e implicación de todos os departamentos didácticos**. Así, neste curso escolar, mercáronse fondos, respondendo á especial demanda do departamento de Filosofía, que propiciou a incorporación de novidades e fondos de interese e de calidade para a formación xeral de toda a comunidade educativa, con suxestións moi interesantes e útiles para todos.
- Hai que destacar que, de novo, foron os alumnos a través dos distintos canles **posibles (“Recoméndame un libro”, “buzón de suxestións”, verbalmente) os que mais peticións e suxestións** para a compra de libros proporcionaron ó longo de todo o curso.
- **Asentouse o sistema de implicación do alumnado colaborador nas tarefas de biblioteca** que, a maior parte das veces, de xeito voluntario, e outras como forma de substitución de sancións menos educativas por unha colaboración positiva, se vaia implicando cada vez máis nas tarefas de biblioteca e aprendendo a valorala positivamente. Así, con afán de consolidación e de continuidade, creouse un equipo de alumnado colaborador. Ó seren estudantes de 2º ESO, ós que lles quedan moitos cursos de estancia no centro, garántese a súa formación, a súa aprendizaxe e a efectividade nas tarefas de axuda tanto neste curso coma, como mínimo, nos catro vindeiros.
- Consolidouse o **uso do buzón de suxestións** onde, todo aquel que o desexou tivo a oportunidade de deixar as súas opinións e inquedanzas en relación coa biblioteca escolar.
- Continuouse na procura de que a Biblioteca chegue a ser centro de recursos documentais do instituto (teña centralizados e debidamente

rexistrados, catalogados e ubicados todos os materiais bibliográficos do Centro) ó servizo dos distintos departamentos, profesores, alumnos e persoal non docente. Esta labor, nun instituto das dimensións do Otero Pedrayo, requerirá esforzo e moitas horas de dedicación.

- Gracias ós profesores do nocturno que, compaxinando esta tarefa coa da súa función de garda, se prestaron a abrir a biblioteca pola tarde durante dous días á semana, foi posible empezar a avanzar neste senso.
- Neste curso puídose formar un pequeno equipo de biblioteca. A pesares disto, **a profesora encargada da mesma asistiu en Santiago ós encontros do PLAMBE e ás Xornadas de bibliotecas**, coa intención de **ampliar o equipo** e de seguir dando continuidade e de manter este servizo fundamental nun centro educativo.

A plena incorporación ó programa MEIGA e o coñecemento das actividades levadas a cabo nas reunións do Plambe permitiron avanzar no proceso de integración coa Rede de Bibliotecas de Galicia.

2.2 En relación co fomento da lectura

Neste curso 2017-18 tratáronse de artellar os mecanismos e os medios que se necesitan para favorecer todas as actuacións destinadas ó fomento da lectura. Así:

- Un ano máis, a enquisa para medir a implicación e a valoración do **plan lector** de centro e da biblioteca por parte do alumnado pasóuselle ós estudantes de 2º de ESO e foi constatable a apreciación positiva do mesmo. Os alumnos manifestan o seu grao de satisfacción e o recoñecemento dun maior acercamento ós libros e á lectura. Os 25 minutos diarios de lectura, maioritariamente, fomentaron e estimularon o gusto polos libros e pola lectura.
- De novo, **o alumnado pide que se continúe coa actividade en próximos cursos**, valóraa moi positivamente e, coas súas respostas, fai aumentar a porcentaxe de estudantes que demandan a permanencia da “hora de ler” por considerala moi proveitosa e útil. O número de alumnos que manifestaron que o Proxecto Lector incidiu positivamente nas súas vidas foi considerable. Indicaron as razóns: cometen menos faltas de ortografía, dedican máis tempo á lectura e gústalles máis ler ca realizar outras actividades. Afirmaron que o Plan Lector favoreceu o desenrolo da comprensión lectora...

Os alumnos solicitan a maior parte dos seus libros de lectura na biblioteca do centro. Fan máis visitas á biblioteca, e destinan máis horas á lectura.

O máis significativo segue sendo que, aínda os alumnos que confesan non ler agora máis ca antes, consideran que ler é importante porque aprenden máis, exprésanse mellor, progresan nos estudos.

Só algúns casos excepcionais consideran que ler non é importante para as súas vidas.

Todas as porcentaxes das respostas así coma as conclusións extraídas da análise dos resultados da enquisa que se lles pasou a alumnos de 2º de ESO quedan reflectidas nas táboas elaboradas e a disposición da comunidade escolar.

- Ampliáronse, renováronse e seguíronse publicitando nos paneis de acceso á biblioteca as **exposicións temporais**. Estas exposicións estiveron cheas de suxestións, de información sobre os temas tratados en cada ocasión, de material bibliográfico; de alusións ás distintas efemérides e acontecementos que se foron producindo ó longo do ano, así como de material bibliográfico relacionado con todos os acontecementos e con todos os temas tratados.
- Continuouse coa actividade de **abordar unha liña temática para cada mes do curso**. Dado o éxito da iniciativa (os alumnos acércanse ó expositor e levan libros relacionados coa temática do momento), este curso escolar comezamos xa en setembro.

Os fondos relacionados co tema en cuestión colocáronse, durante un mes, na mesa central habilitada para exposicións temporais. Preparáronse carteis informativos sobre o asunto e permitiuse ó alumnado acceder a uns fondos polos que, noutras circunstancias, non se interesaría.

As liñas temáticas desenroladas neste curso, a partires de setembro foron as seguintes:

- Setembro, Outubro: Recomendacións xerais. A biblioteca
- Novembro: A Filosofía
- Decembro: Os clásicos. Libros para as vacacións
- Xaneiro: A Paz
- Febreiro: O amor, O Entroido, Rosalía de Castro.
- Marzo: A arte e a Ciencia

- Abril: Día do libro. Letras universais
 - Maio: Letras galegas
 - Xuño: O apaixonante mundo do saber. ¡Vive lendo! O medio ambiente.
- Consolidación e renovación mensual do novo espazo: “*Os libros do mes na miña biblioteca*”. Sección coa que se pretendeu que o alumnado se fixase en obras especiais, non necesariamente recentes, pero si especialmente útiles e interesantes para a formación intelectual e humana do alumnado nesta etapa da vida; libros que pensamos que poden aportar moito e que ningún alumno debería deixar de ler.
- Creación dunha nova sección: “**De interese, de actualidade**” na que se fixou especialmente o alumnado, e para a que demandou a presenza de libros de temáticas moi concretas e definidas (*El chico de las estrellas, 22 segundos...*).
- Consolidación da sección de “*Novelas gráficas e clásicos en cómic*” que seguiu tendo moi boa acollida por parte do alumnado. Xunto coas bandas deseñadas xa existentes, agora os estudantes tiveron acceso ó xénero do cómic de calidade e foron moitos os préstamos deste material bibliográfico.

Este feito deu lugar a una **revisión e modificación nas normas da “hora de ler” durante todo o curso escolar**. Así, ó dispoñer deste material de calidade, engadiuse o xénero do cómic nas lecturas permitidas durante os 25 minutos de lectura diaria.

- Consolidación do espazo e da actividade “Recoméndame un libro” A actividade funcionou con moito éxito. Así, foron moitos os alumnos que deixaron a súa valoración e a súa suxerencia antes de devolver un libro. E foron moitos tamén os alumnos que se fixaron nas recomendacións dos seus compañeiros antes de escoller unha nova lectura.
- A coordinación da Biblioteca, coma sempre, fíxose cargo de todos os aspectos organizativos da “hora de lectura” e do Plan Lector do centro: indicacións, calendario, análise das enquisas, distribución e control do material bibliográfico repartido polas distintas estancias do instituto, e todas as tarefas que conleva a organización do Plan lector do centro.

Informouse ó claustro respecto das actuacións relacionadas co proxecto lector e as intervencións da biblioteca, canalizando as súas demandas, propostas e opinións.

- Como novidade con respecto a anos pasados, neste curso mercáronse grandes **caixas de plástico** para albergar os **libros destinados á hora de lectura**. Deste xeito organizáronse mellor as obras, xa que se seleccionaron en función dos niveis educativos; tratouse de que houbera exemplares escritos en distintas linguas; foron máis visibles as posibles perdas de exemplares e tamén resultou máis doado comprobar qué alumnos esqueceron sistemáticamente o seu libro ó longo do curso.
- No mes de **marzo, independentemente da temática tratada, sempre hai una sección para as matemáticas**. Un ano máis, preparouse unha exposición de material bibliográfico da materia, que estivo exposto durante todo o mes na mesa habilitada para exposicións temporais. Os alumnos curiosearon, refollaron e levaron libros que doutro xeito non irían buscar ós estantes da sección. Á vez, no mesmo mes, deseñamos a **temática “A Arte e a Ciencia”** para combinar e ver a interrelación entre disciplinas e as múltiples posibilidades de aprendizaxe e de vínculo existente entre as distintas áreas do saber.
- Como todos os anos, en consonancia co lema das bibliotecas escolares do curso en cuestión, deseñouse unha escolma e exposición de libros relacionados coa temática **“Aprender a pensar na biblioteca escolar”**
- Coincidindo co 14 de marzo **“Celebración do número II”**. Dende a biblioteca deseñouse o **concurso de microrrelatos** xa consolidado, no que puido participar o alumnado de todos os cursos e niveis do centro.
- Continuamos coa exposición permanente con proxección de futuro e xa totalmente consolidada titulada **“A Ciencia máis divertida”** xunto co tamén consolidado **“Recuncho da Ciencia”**, unha exposición na que se recolle material bibliográfico de todas as disciplinas científicas e que despertou o interés e a curiosidade do alumnado ó longo de todo o curso.
- **O 23 de abril, día do libro**, desenrolouse unha actividade de **“Intercambio de libros na biblioteca”** na que participou alumnado de todos os niveis e que tivo unha excelente acollida. Os alumnos puideron desfacerse de obras xa lidas e levaron libros deixados por outros compañeiros. Dado o éxito da actividade, repetirémola en anos vindeiros e mesmo pensamos en incluír tamén ó profesorado e, pouco a pouco, a máis membros da comunidade educativa.
- Deseñouse un **marcapáxinas conmemorativo** de acontecementos literarios relevantes do ano (cincuentenario da morte de León Felipe e centenario do nacemento de Pura Vázquez).

- Seguiuse animando á creación de **clubes de lectura**, tanto de profesorado como de alumnado, ofrecendo información e asesoramento. Na liña de potenciar a realización de actividades destinadas ó fomento da lectura en xeral (actividades lúdicas con respecto a distintos libros, charlas con escritores, exposicións de traballos etc).
- Prestouse atención á organización de actividades (exposicións de materiais, concursos...) a partir de distintas liñas temáticas, atendendo a circunstancias e eventos (locais, nacionais, globais) en determinadas épocas do ano (Día do Libro, Letras Galegas...), ou atendendo a celebracións, ou de distintos acontecementos sociais, culturais, etc. Así, organizadas en meses, as deste curso foron as seguintes:

◆ **SETEMBRO:**

- Escolma temporal: *O apaixonante mundo do saber*
- Escolma permanente: Curiosidades de todos os campos do coñecemento
- A Ciencia máis divertida
- Revista de Ciencia *Posío*
- “Recoméndame un libro”

◆ **OUTUBRO:**

- Escolma temporal: *A biblioteca*
- Escolma permanente: Curiosidades de todos os campos do coñecemento
- A Ciencia máis divertida
- Revista de Ciencia *Posío*
- “Recoméndame un libro”
- 24 de outubro, *Día da biblioteca*

◆ **NOVEMBRO:**

- Escolma temporal: *A Filosofía*
- Escolma permanente: Curiosidades de todos os campos do coñecemento
- A Ciencia máis divertida
- Revista de Ciencia *Posío*
- “Recoméndame un libro”

- 25 de novembro: día mundial da eliminación da violencia contra as mulleres

◆ **DECEMBRO:**

- Escolma temporal: *Os clásicos (clásicos universais)*
- Escolma permanente: Curiosidades de todos os campos do coñecemento
- A Ciencia máis divertida
- Revista de Ciencia *Posío*
- “Recoméndame un libro”
- Lecturas para o Nadal

◆ **XANEIRO:**

- Escolma temporal: *A Paz*
- Escolma permanente: Curiosidades de todos os campos do coñecemento
- A Ciencia máis divertida
- Revista de Ciencia *Posío*
- “Recoméndame un libro”

◆ **FEBREIRO:**

- Escolma temporal: O Amor, O entroido
- Escolma permanente: Curiosidades de todos os campos do coñecemento
- 24 de febreiro: día de Rosalía de Castro
- A Ciencia máis divertida
- Revista de Ciencia *Posío*
- “Recoméndame un libro”

◆ **MARZO:**

- Escolma temporal: *A Arte e a Ciencia*

- Escolma permanente: Curiosidades de todos os campos do coñecemento.
- Ler as Matemáticas
- 7 de marzo: “día de ler en voz alta”
- Exposición: A Ciencia máis divertida
- Revista de Ciencia *Posío*
- 8 de marzo: “día da muller”
- 14 de marzo: “Aniversario de Albert Einstein”
- 14 de marzo: “Celebración da fórmula matemática Π ”
Concurso de microrrelatos Π
- “Recoméndame un libro”

◆ **ABRIL:**

- Escolma temporal: *Letras universais*.
- Cincuentenario da morte de León Felipe
- Exposición: A Ciencia máis divertida
- Revista de Ciencia *Posío*
- Escolma permanente: Curiosidades de todos os campos do coñecemento.
- 2018, ano de reivindicación dos dereitos da muller
- “Recoméndame un libro”
- 6 de abril: “día mundial do deporte para o desenvolvemento e a paz”
- 7 de abril: “día mundial da saúde”.
- 2018, Ano significativo no mundo dos libros:
Centenario da publicación de *Impresiones y paisajes* de Lorca, *Cuentos de la selva* de Horacio Quiroga, *Los detectives salvajes* de Roberto Bolaño
- 23 de abril: “Día do libro”
- Reparto de marcapáxinas

◆ **MAIO:**

- Escolma temporal: *Letras galegas*
- Escolma permanente: Curiosidades de todos os campos do coñecemento.
- Exposición: A Ciencia máis divertida
- Revista de Ciencia *Posío*
- 2018, ano de reivindicación dos dereitos da muller
- “Recoméndame un libro”
- 17 de maio, día das letras galegas
- Escolma temporal: Clásicos da Literatura Galega
- Victoria Moreno
- Centenario do nacemento de Pura Vázquez

◆ **XUÑO:**

- Escolma temporal: *Vive lendo*
- *O medio ambiente*
- 5 de xuño: día mundial do medio ambiente
- Efemérides do mes de xuño
- Escolma permanente: Curiosidades de todos os campos do coñecemento.
- “Recoméndame un libro”
- Exposición: A Ciencia máis divertida
- Revista de Ciencia *Posío*
- 2018, ano de reivindicación dos dereitos da muller

— Complementáronse outras actuacións, recordándoas e facendo alusión ás mesmas na biblioteca.

— Dende a biblioteca, comezouse a convencer ó alumnado da conveniencia de ir empezando a construír a súa propia biblioteca persoal.

— Ó longo do curso, exposición de libros de interese para o alumnado e de novidades editoriais no apartado **Novidades**.

- Partindo da análise das preferencias do alumnado á hora de coller libros da biblioteca, e coa intención de iniciar no hábito da lectura ós estudantes menos lectores, seguiu-se ofrecendo unha **guía de títulos** na que aparecen as obras máis solicitadas, por sexos e en xeral; seleccións de clásicos adaptados para as distintas idades e suxestións varias. Tamén se seguiron a elaborar listados de obras das distintas seccións para que os alumnos as coñezan e poidan analizar e buscar información sobre as súas preferencias, antes de solicitalas na biblioteca.
 - No mesmo senso, hai que destacar o éxito obtido coa idea de ampliar a zona dos libros máis lidos e requeridos polos estudantes. Isto implicou iralles preguntando, ó longo de todo o curso e á hora da devolución dos préstamos e mediante as enquisas, polo seu grao de satisfacción tras a lectura. Pouco a pouco, púidose constatar cómo os alumnos menos habituados a ler, probaron sorte con títulos solicitados polos seus compañeiros lectores e, deste xeito, cada vez foi maior o número de visitantes da biblioteca que levou libros con asiduidade.
 - En relación con isto, hai que sinalar a continuidade da exposición permanente “**O apaiñoante mundo do saber. Curiosidades de todos os campos do coñecemento**” na que se expuxeron mostras moi singulares e significativas de libros relacionados coas distintas áreas do saber e do coñecemento. Pretendeuse despertar o interés do alumnado por estas obras publicitándoas, colocándoas nunha vitrina vistosa e, como reclamo especial, adornando os anaqueis cun texto de Concha López Narváez pertencente ó seu libro Andanzas de don Quijote y Sancho, texto que, para ser lido, esixe ir percorrendo coa vista toda a exposición.
- Mofificouse un pouco a exposición** permanente con libros comprados neste curso, con algúns clásicos adaptados que aínda non tiñamos.

2.3.- En relación coa educación para a competencia en información

- Seguimos concebindo a biblioteca como **servidor central**, fonte de recursos de distinto tipo, que serven de apoio nas labores de ensino e aprendizaxe. Espacio idóneo onde o alumnado vén á procura de información, utilizando soportes informáticos, bibliográficos etc.

Neste senso, é cada vez máis frecuente que o profesorado, consciente da existencia deste valioso recurso, demande do alumnado a búsqueda de información. Así, nos tempos de lecer, os ordenadores estiveron sempre cheos de estudantes realizando tarefas e traballos para as distintas disciplinas.

- As profesoras da biblioteca, na medida do posible, **axudaron ó alumnado** a desenrolar as súas destrezas á hora de **utilizar estes medios**, e detivéronse a axudar a todos os alumnos, e especialmente ós menos hábiles á hora de usar as fontes de información (uso dos ordenadores, mecanismos de empréstito, manexo dos dicionarios...).
- Nas primeiras visitas, a principio de curso, a presenza dos alumnos na biblioteca foi aproveitada para **fomentar neles o uso de materiais bibliográficos como instrumento de traballo**, polo que se lles proporcionou a miúdo explicación dos medios que debían consultar para conseguir a información precisa. A Biblioteca prestou o seu servizo durante o horario lectivo, incluídos os recreos, momentos nos que foi máis solicitada para os préstamos de libros e búsqueda de información; tamén acudiron voluntariamente a ela cando as súas obrigas escolares llelo permitiron. En definitiva, contouse con ela como espazo de recursos de información, de lectura e aprendizaxe; dinamizadora da actividade educativa e da vida cultural do centro.
- No Otero Pedrayo a biblioteca estivo sempre **presente en todos os acordos xerais** e, cada vez máis, nos proxectos e programas de aula que contan sempre co apoio do material, dos medios, do tempo e do espazo da biblioteca para a súa realización (espazo de realización de tarefas ó servizo da comunidade educativa, realización e impresión de traballos e proxectos escolares...).

2.4.- En relación coa dinamización e promoción dos recursos da biblioteca, a súa integración no tratamento do currículo e a súa contribución á alfabetización múltiple e ó desenvolvemento das competencias básicas do alumnado.

- Todos os recursos da biblioteca e as actividades levadas a cabo na mesma e en relación coa mesma tiveron que ver cos procesos de ensinanza e aprendizaxe de todas as áreas do currículo.

Así, a competencia lectora, a competencia no tratamento da información, a competencia dixital..., traballáronse a diario na biblioteca.

- Tentouse ampliar o abanico de actuacións e de aproveitamento dos recursos seguindo na liña do pasado curso escolar no que se seguiu aumentando considerablemente a actividade da biblioteca. Así:
- A principio de curso, **seguíuse explicando o seu funcionamento** e dando a coñecer os recursos e as posibilidades da biblioteca.
- Todas as actividades vencelladas ó Proxecto Lector de centro favoreceron o desenrolo de habilidades que afectaron positivamente a todas as disciplinas. A mellora na competencia lectora, indirectamente, axudou á adquisición de coñecementos en todas as materias.
- As actividades de lectura da información sobre a temática (As artes) afectaron directa e indirectamente a distintas disciplinas: Filosofía, Historia, Matemáticas, Linguas etc.
- As charlas sobre lecturas favoreceron o desenrolo de destrezas, axudaron á mellora da competencia lingüística e proporcionaron coñecementos novos en distintas áreas do saber.
- A adquisición de libros en linguas estranxeiras e material destinado a estudantes con necesidades educativas especiais e alumnado inmigrante sen alfabetizar, orixinariamente ubicado, rexistrado e vencellado á biblioteca, pero en permanente movemento polo centro para aproveitar ó máximo a súa utilidade, foi de grande utilidade para a contribución á adquisición das competencias básicas. Igualmente o foi a compra de máis dicionarios para atender a este tipo de alumnado (chinés, árabe, romanés...).
- Seguíuse convertindo a biblioteca en **espacio de charlas, tertulias**, talleres de animación á lectura, **exposicións temporais e permanentes**.
- **Publicitáronse concursos** relacionados con todas as disciplinas e cos contidos curriculares; colaborando con outros departamentos nos certames que eles promoven, entregando agasallos ó alumnado participante en actividades vencelladas á biblioteca, nas campañas relacionadas coa mesma.
- Dadas as peculiaridades do novo modelo de alumnado dos centros (cada vez con máis estudantes doutras nacionalidades), seguíuse mantendo un **vínculo** permanente co departamento de **Orientación**, para que o material destinado a estudantes con necesidades educativas especiais e alumnado

inmigrante sin alfabetizar, dispuxera deste recurso, orixinariamente ubicado, rexistrado e vencellado á biblioteca, pero en permanente movemento polo centro para aproveitar ó máximo a súa utilidade. Así, mercáronse libros para o seu uso por parte deste alumnado.

- Consensuado cos departamentos de linguas estranxeiras, seguiuse favorecendo a **competencia lingüística** do alumnado en distintas linguas, adquirindo máis material bibliográfico para que, unha vez acadados importantes logros na **adquisición do hábito lector** entre os estudantes, tamén se convirta en habitual o movemento de libros noutras linguas estranxeiras. Adquisición dun bo número de exemplares de libros en francés e inglés e presenza dos mesmos nas caixas adicadas ó Plan lector.
- Seguiuse **dando a coñecer periodicamente**, mediante listado e exposición as **novidades** da biblioteca e outras recomendacións, atendendo a conmemoracións, efemérides, premios.
- Intentouse proporcionar, tanto ós alumnos coma ós profesores, materiais axeitados, útiles, actualizados, para os procesos de ensino-aprendizaxe en todas as materias do currículo, atendendo ás demandas documentais segundo as distintas áreas, niveis e necesidades educativas especiais.
- Seguiuse tratando de que a biblioteca se convertise no **espacio de traballo, divulgación e conmemoración de feitos destacables de calquer disciplina (concursos literarios, científicos...)**.

3.- AVALIACIÓN DAS ACTIVIDADES DESEÑADAS E DESENVOLVIDAS POLA BIBLIOTECA E DO FUNCIONAMENTO DOS SERVIZOS DA PROPIA BIBLIOTECA EN BENEFICIO DA COMUNIDADE ESCOLAR

Para facer unha análise dos resultados seguíronse os seguintes:

Criterios de avaliación:

-Adecuación das actividades programadas e levadas a cabo durante o curso.

Considerouse que as actividades deseñadas foron adecuadas e pertinentes. Todas recibiron o visto bo dos usuarios da biblioteca e, en xeral, da comunidade educativa.

-Resposta do alumnado e da comunidade educativa ás propostas da biblioteca. Grao de colaboración nas mesmas.

Un ano máis, constatamos que a participación e resposta do alumnado foi abundante e positiva. Os estudantes, usuarios de biblioteca, participaron nos concursos, usaron a biblioteca e os seus recursos durante os leceres, solicitaron moitísimos libros, fixeron suxestións e recomendacións tanto para a lectura coma para a adquisición de libros, respostaron moi positivamente ás enquisas anónimas que se lles pasaron (ver anexo).

-Grao de cumprimento dos obxectivos previstos nas liñas prioritarias de actuación programadas para o curso escolar.

Os obxectivos previstos cumpríronse nun 78 %.

-Cantidade e tipoloxía dos préstamos realizados.

O número de préstamos aumentou con respecto a cursos pasados e constatouse un incremento da petición de libros especializados e de temáticas moi variadas, cómic, clásicos, linguas estranxeiras, Matemáticas, Filosofía...

-Participación do alumnado e do profesorado nas actividades propostas.

A resposta duns e doutros foi, en xeral, positiva (actividade de intercambio de libros, visita das exposicións da Biblioteca, utilización dos seus recursos...).

-Presencia de alumnado na biblioteca, préstamos realizados, resultados das enquisas.

Nos leceres, a biblioteca estivo sempre chea de alumnado traballando, lendo, levando libros. Neste Senso a resposta foi sempre moi positiva.

Aumentou moito o número de préstamos de libros de todo tipo.

Os resultados das enquisas presentan uns datos moi positivos: aumenta o número de alumnos lectores e a súa valoración da biblioteca e da lectura mellora a medida que avanza o curso escolar.

Procedementos de avaliación:

- A través das **enquisas** recollidas no Plan lector do centro (nas que hai que dar conta dos hábitos de lectura, das visitas á biblioteca e demais datos relevantes) tratouse de comprobar o grado de incidencia e calado das propostas e actividades deseñadas. Enquisa na que se poden analizar no só todos os aspectos significativos relacionados co hábito lector, senon tamén a experiencia do estudantado como usuario de todos os servicios e recursos que ofrece a súa biblioteca. Os hábitos lectores, o número de exemplares solicitados, os títulos máis lidos, en xeral o interese do alumnado e da súa apreciación acerca das actuacións da biblioteca escolar. O resultado queda reflexado nuns gráficos que se gardan na biblioteca e que tamén se deixan á vista e á disposición de calquer membro da comunidade educativa que desexe consultalos.
- Este ano, no mes de maio, realizouse unha enquisa en 2º de ESO, na que se pretenderon analizar no só todos os aspectos significativos relacionados co hábito lector, senon tamén a experiencia do estudantado como usuario de todos os servicios e recursos que ofreceu a súa biblioteca.
- Utilizando o **buzón de suxestións** como elemento de análise e de posibilidade de artellamento de melloras (houbo moitas suxestións provintes do alumnado).
- Como elemento de avaliación interna, usáronse os mecanismos de análise que o propio **programa MEIGA** proporciona: comprobando a visita de alumnos á biblioteca, revisando periódicamente o número de préstamos etc.

4.- PREVISIONS DE FUTURO

Incorporar todas as iniciativas propias pensadas para cursos próximos, ademais das propostas e actividades xa levadas a cabo con éxito noutros centros de Galicia (coñecidas moitas delas gracias ós encontros do Plambe) que consideremos adecuadas para mellorar a nosa biblioteca.

- A pesares das dificultades organizativas que isto supón, nun centro das dimensións e da complexidade do Otero Pedrayo (dous edificios, necesidade de moito profesorado de garda, estudos nocturnos, espazos pouco funcionais...), **intentar incrementar o equipo de biblioteca.**
- Se a situación económica o permite, aumentar o número de ordenadores e mobiliario de biblioteca, en xeral.
- Formar e impulsar a creación de **clubes de lectura.**
- Seguir **impulsando as transformacións**, facer a biblioteca aínda máis acollidora e útil; á vez que estreitamos o seu vínculo cos distintos grupos de persoas que conforman a vida dun centro.
- Seguir obtendo do equipo directivo o **apoio económico** necesario para acometer actuacións máis ambiciosas. Mercar máis mobiliario para organizar o material e as tarefas de biblioteca en distintas zonas e compartimentos.
- Colocar e **rexistrar os libros da sala de lectura do edificio anexo**, e mesmo pensar en abrir dita sala para que esté ó servizo do alumnado, do profesorado e de toda a comunidade educativa en xeral.
- Continuar co **proceso de vínculo e implicación de todos os departamentos didácticos**, para que no vindeiro curso 2018-19 sexan algúns máis os que respondan á demanda de colaboración.
- Seguir **ideando e poñendo en práctica estratexias** para que o alumnado siga **acudindo masivamente á biblioteca** e implicándose nas tarefas e propostas da mesma.
- Para o curso 2018-19 queremos seguir na liña actual de **ampliación do horario de apertura da Biblioteca.**
- Seguir, ó longo do próximo curso, **coa labor de eliminación, modificación e arranxo de rexistros existentes anteriores á incorporación da**

- biblioteca no Plan de mellora de bibliotecas escolares**, por non responderen ás esixencias do programa Meiga.
- Continuar na procura de que a Biblioteca chegue a ser centro de recursos documentais do instituto.
 - **Adquirir material noutros soportes** (DVD,CD...) e rexistralo na biblioteca.
 - A principio de curso, seguiremos explicando o seu funcionamento e dando a coñecer os recursos e as posibilidades da biblioteca.
 - Seguirémola dinamizando convertíndoa en espacio de charlas, tertulias, talleres de animación á lectura, exposicións temporais e permanentes.
 - Organizaremos e publicitaremos concursos.
 - Seguirase favorecendo a competencia lingüística do alumnado en distintas línguas, adquirindo máis material bibliográfico.
 - Seguir mantendo un vínculo permanente co departamento de Orientación. e cos titores, para que o material destinado a estudantes con necesidades educativas especiais e alumnado inmigrante sin alfabetizar.
 - Incorporar propostas e actividades xa levadas a cabo con éxito noutros centros da comunidade.
 - Diseñar máis concursos con intención de consolidación e continuidade.
 - Seguir recibindo ó comezo do ano académico ós distintos grupos de alumnos.
 - Mercar máis xogos (xadrez, damas...).
 - Ademais das enquisas do Proxecto Lector e doutras máis amplas, empregadas xa en cursos pasados, pretendemos deseñar de cara ó futuro enquisas do tipo webquest.
 - Seguirse facendo cargo de todos os aspectos organizativos do Plan Lector.
 - Tratarase de potenciar a realización de actividades destinadas ó fomento da lectura en xeral (actividades lúdicas con respecto a distintos libros, charlas con escritores, exposicións de traballos...).
 - O día do libro, exposición de marcapáxinas conmemorativos deseñados polos alumnos e, coma sempre, agasallo do do Centro a toda a comunidade educativa.
 - Organización de actividades (exposicións de materiais, concursos...) atendendo a eventos (locais, nacionais) en determinadas épocas (Día do Libro, Letras Galegas...); ou atendendo a celebracións, lembranzas de

autores, pensadores, científicos... ou de acontecementos históricos, sociais, culturais, etc.

- Nalgún momento significativo do curso escolar, intentaremos realizar unha exposición con algúns dos máis emblemáticos e singulares exemplares, con fondos de valor histórico que alberga esta biblioteca (atlas Fontán...).
- Por parte da coordinación, visitaremos outras bibliotecas integradas no Plambe.
- Tentar abrir a sala de lectura e consulta no edificio anexo ó principal (sempre que as posibilidades de horario do profesorado así o permitan).
- Aparte dos encontros do Plambe, intentaremos asistir ós cursos de formación que nos axuden a desenrolar mellor as nosas tarefas.

Coordinadora da Biblioteca

Vº e PRACE.
(O director)

Asdo. Mª Belén Nóvoa Corral

Asdo. Juan Antonio Saco Rivera